



## CHÍO CON AMOR

Febreiro é o mes da Candeloria, o mes que preludia a chegada da primavera, mais tamén do tan coñecido San Valentín. É, entón, o mes do amor e, para celebralo, o Departamento de Lingua Galega e Literatura organiza o concurso de mensaxes de amor **Chío con amor**. Non sabes que é un chío? De seguro que che resulta máis familiar o termo inglés tweet. A resposta é, pois, ben doada: unha **mensaxe breve que non pode superar os 280 caracteres**.

### Bases do concurso:

1. Para **todo o alumnado de ESO**.
2. Tes que escribir un **chío de amor** ou **amizade** en **galego** que **non supere os 280 caracteres** estipulados.
3. Se desexas que este chío se dedique na radio, deberalo indicar na mesma mensaxe.
4. O chío debe ir **dirixido a alguén do IES Pedras Rubias** e **asinado cun pseudónimo**.
5. Meteralo nun **sobre aberto** que levará escrito, na **parte frontal**, o **nome do destinatario ou destinataria** e o curso en que está.
6. Dentro do sobre debes incluír, tamén, un **papel** no que apareza o teu **nome**, o teu **pseudónimo** e o teu **curso** de referencia.
7. O sobre depositaralo nunha **caixa de correo** habilitada, na **biblioteca**, para este fin.
8. O **prazo** rematará ás 14:00 horas o **venres 11 de febreiro**.
9. O **14 de febreiro** **repartiremos** as **mensaxes polas aulas** para que cheguen aos seus destinatarios e destinatarias.
10. Haberá **un premio por cada nivel**.
11. O **xurado** formarao o profesorado do **Departamento de Lingua Galega e Literatura**.
12. Os **galardoados ou galardoadas** daranse a coñecer o **martes 15 de febreiro**. Publicaranse os seus nomes na **cortiza** que está na **entrada** e tamén na **web do centro**.
13. Os **premios** serán unha **sorpresa**, mais queda garantido que será unha sorpresa orixinal.
14. Recolleranse durante o **recreo** do **mércores 16 de febreiro** na **biblioteca**.
15. Valorarase a **creatividade**, a **orixinalidade** e a **beleza**.

Ánimo, a que estás esperando? Dálle á túa alma de poeta, crea o teu chío de amor ou

amizade e participa. Non te has arrepentir!

